

TRADIZÓN E VANGARDA NA ARTE GALEGA

0. *PLANTEXAMENTO: TEORIZAR NOVAMENTE SOBRE A ARTE GALEGA.*

Fala-se hoxe da “Movida Galega” que poideramos traducir nunha presenza crítica, criativa, orixinal e esboirante na arte e na moda galega.

Xurden pois as preguntas, alicerces do noso tema: Sensibilidade urbana, enxebre de Vigo ou da Coruña e que algúns traducen nunha mentira pregada por políticos e medios de comunicación interesados.

Feito que nos convida a teorizar sobre o proceso artístico na Galiza: O megalitismo, a cultura castrexa, o senso galaico-romano, o Románico, a simbiose renacentista, o Barroco e o seu enfrentamento co Neoclásico imposto, o Romanticismo e Modernismo, a pose dos “novos criadores” na cuestión actual da moda.

¿O Artista nace ou fai-se?. Tradizón, vangarda, arte popular, arte-industria son algo mais que conceptos sobre os que convidaremos a reflexionar, pois dalgún xeito o espectador ten que ser algo mais que iso, ser tamén actor no mesmo interior da obra de arte, que o artista fixo para que alguén a sentise.

CUESTIONS PARA REFLEXIONAR SOBRE A CRIAZÓN GALEGA.

1. ¿Existe unha arte galega ou arte na Galiza?
2. ¿Pero qué é a arte? ¿Qué formulan os teóricos?
3. A crítica, a mediatización, o paternalismo, as etiquetas: Arte culta, tradicional, popular... ¿e os “anónimos” artesáns?
4. ¿Qué interpretamos por “Arte Atlántica”?
5. ¿Por qué outravolta polo Neoexpresionismo?
6. ¿Filosofía, temas, simbolismo do Neoexpresionismo deste Fisterre?
7. ¿A tradición artística ensarilla-se no novo proceso criador?
8. ¿A “Movida” é samente un proceso pictórico, escultórico, poético e do vestir?
9. ¿A cuestión arte-política-militancia-sociedade é arqueoloxía ou un problema latexante nun país non normalizado?

CONCLUSIONS: ENTORNO-CRIADOR-UNIVERSO...

O artista é produto dun tempo, dun ambiente xeográfico e social, dunha cultura, queira-se ou non este medio impregnará os xeitos de expresión, a mensaxe do emisor, que se dirixirá a un receptor, o público, quen tamén condiciona a actividade do suposto criador.

Através dos produtos do criador de formas poderemos coñecer aspectos do tempo, da sociedade na que lle tocou expresar-se e militar. Á forza teremos, novamente, que cair nesa teima de etiquetar os produtos, e que aquí poderíamos interpretar como un xeito esquemático para recoñecer a Historia, recobrar a identidade. Facer que a tradición non se anestesie nos museus, senon que seña pedra base para erguer novas búsquedas nas que se asuman os problemas do noso tempo tan importantes como a cor, os cinceis ou a materia. Pois dalgunha forma entenderíamos a arte como comunicación que facilita o entendemento, a liberdade e por conseguinte a paz.

COLLOQUIO.

NOTA: O tema exposto acompañará-se de diapositivas, elementos base para elaborar xuízos e a pretendida reflexión sobre a Arte Galega.

FELIPE SENÉN (O Carballiño, 1948). Mora na Coruña.

Arqueólogo e historiador da arte, animador cultural e director do Museo da Coruña, pintor, ilustrador e cartelista. Ten participado en varios congresos internacionais.

Conto: A basoira.

Ensaio: O folklore do castro de Viladonga, Arte popular en Galicia.